

SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ COMO SECRETARIA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

CERTIFICO

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26-06-2026, adoptou o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

2.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre o Consello Municipal de Deportes e a Federación Galega de Hockey para a concesión dunha subvención baixo a modalidade de concesión directa para a organización do “Torneo Catro Nacións de Preparación do Campionato de Europa” (Exp. 975/2025)

O Consello Reitor, de conformidade coa proposta que forma parte do expediente, por UNANIMIDADE dos seus membros (9 votos), acorda:

Primeiro.- *Aprobar o convenio de colaboración entre o Consello Municipal de Deportes e a Federación Galega de Hockey, con C.I.F: G32172058, polo que se articula a concesión dunha subvención baixo a modalidade de concesión directa para a organización do “Torneo Catro Nacións de Preparación do Campionato de Europa” , nos termos sinalados no documento electrónico que figura no expediente 975/2025.*

Segundo. - *Aprobar e comprometer o gasto por importe de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410 48017 do orzamento do CMD para 2.026 (RC núm. 202600002646).*

Terceiro. - *Facultar ao presidente do CMD para a sinatura deste convenio e a realización dos trámites precisos para a súa efectividade.*

así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes en Ourense na data de sinatura electrónica.

A secretaria

Visto e praxe
O presidente

Documento asinado electronicamente

